



INFORMACIÓN PARA A INSCRIPCIÓN NAS PROBAS DE ACCESO AO CURSO 2026/27

Onde podo cubrir a solicitude?

- Cubrindo o formulario de inscrición a través de <https://www.edu.xunta.gal/eas> con certificado dixital ou Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).
- Os solicitantes que non posúan nacionalidade española e non dispoñan de documento nacional de identidade (DNI) ou número de identidade estranxeiro (NIE): deberán acudir directamente ás secretarías dos centros a facer a inscrición.

Prazo para entregar a solicitude:

Dende o **28/04/2026** ata o **21/05/2026**, agás para as persoas ás que resulte de aplicación o disposto no ordinal 2.6 da resolución da convocatoria, que rematará o **15 de maio de 2026, incluído**

Onde teño que entregar a solicitude impresa e asinada*?

- Na oficina administrativa do Conservatorio Superior de Música que sexa a túa primeira opción para cursar estudos (horario de atención ao público do Conservatorio Superior da Coruña: 10.00 – 13.00 h, de luns a venres)

**Nota: non é preciso entregar de novo toda a documentación subida a plataforma. Só a solicitude xerada pola aplicación asinada polo lo alumno.*

IMPORTANTE: A solicitude entenderase presentada na data en que se presente na Secretaria do Centro e teña entrada no Rexistro.

Documentación requirida, segundo proceder

- DNI, NIE ou pasaporte
- Documentación académica segundo proceda:



- Título de bacharelato ou titulación equivalente.
- Certificación académica do bacharelato con indicación de materias pendentes.
- Certificación de ter superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Título universitario
- Título de técnico superior
- Título de ensinanzas artísticas superiores.
- Título profesional de música ou certificación académica en que figure ter realizado o depósito do correspondente título, ou o libro de cualificación das ensinanzas profesionais, se é o caso, con indicación da nota media do expediente.
- Documento acreditativo do grao de discapacidade e solicitude de adaptación dos medios e condicións de realización da proba de acceso que corresponda, de ser o caso.
- Documento acreditativo da condición de deportista galego de alto nivel e/ou rendemento, de ser o caso (https://i.gal/deportista_alto_nivel).
- Xustificante do aboamento dos prezos públicos (empregar un dos modelos seguintes: **A I ou 730**)

- Códigos

Consellería: 07 - Cultura, Educación e Universidade

Delegación: 10 – A Coruña

Servizo: 03 - Ensino Medio

Taxa: 350700 Conservatorios de Música e Danza

Obxecto de pago: PROBA DE ACCESO 2026-27

- Modelos **A I** (descargable en <https://ovt.atriga.gal> [Pago de taxas e prezos → Xestións (Iniciar taxa) → Descargar Modelo AI en branco])
 - O documento consta de 3 follas (entidade financeira, interesado, Administración). A persoa interesada deberá imprimir e completar a man estas tres co-



pías, acudir á entidade financeira colaboradora para realizar o pago e subir na solicitude copia **do exemplar *Administración selado pola entidade bancaria***.

- Modelos **730**, que se obtén tras facer o pago en <https://ovt.atriga.gal> con tarxeta bancaria/bizum [Pago de taxas e prezos → Xestións (Iniciar taxa) → Iniciar taxa]
 - Se o proceso se completa correctamente obterase un xustificante de pago do modelo 730 (Interesado e Administración). **Debe subir na solicitude o exemplar *Administración***.
 - Prezos públicos da proba de acceso a ingresar (Decreto 89/2013, do 13 de xuño ; DOG núm. 114 do 17/06/2013):
 - 64,00 €
 - 32,00 € - Familia numerosa xeral*
 - Exención de pagamento*:
 - Familia numerosa de categoría especial
 - Funcionariado dos corpos docentes establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
 - Grao de discapacidade igual o superior ao 33%.
 - Víctimas de actos terroristas, así como os e as cónxuxes e fillas e fillos.
 - Víctimas de violencia de xénero e mais o alumnado cuxa proxenitora a sufra.
- * **Todas as circunstancias que dean dereito á bonificación ou exención do pagamento teñen que acreditarse coa correspondente certificación acreditativa.**

IMPORTANTE: No caso da existencia de dúbidas derivadas da calidade das copias ou da autenticidade das mesmas, o Centro poderá solicitar excepcionalmente o cotexo das copias aportadas polo interesado, para o que se poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Información Adicional:

- [Convocatoria e instrucións para o acceso e admisión](#)

- [Guía para a inscrición no procedemento de acceso e admisión nos estudos de grao nas ensinanzas artísticas superiores da Comunidade Autónoma de Galicia](#)



Calendario para o acceso ás ensinanzas artísticas superiores de Música

PARTE DO PROCEDEMENTO	DATAS
FASE DE INSCRICIÓN	
Pazo de inscrición Xeral	Do 28 de abril ata o 21 de maio, ambos incluídos
Prazo de inscrición para os alumnos de 16 a 18 anos cumpridos no ano de realización da proba que soliciten a realización da proba para acreditar que acadaron o desenvolvemento das competencias clave previsto ao finalizar o bacharelato	Do 28 de abril ata o 15 de maio, ambos incluídos
Publicación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas	28 de maio
Período de reclamación contra a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas	29 de maio e 1 de xuño
Publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas	3 de xuño
FASE DE PROBAS	
Proba específica	A partir do 8 de xuño
Publicación da listaxe provisional de cualificacións da proba específica	15 de xuño
Período de reclamación contra a listaxe provisional de cualificacións da proba específica	16 e 17 de xuño
Publicación da listaxe definitiva de cualificacións da proba específica	23 de xuño
FASE DE ADXUDICACIÓN E MATRÍCULA	
Publicación da listaxe de adxudicacións de prazas	3 de xullo
Período de formalización de matrícula para o curso 2026/27	Do 6 ao 10 de xullo

IMPORTANTE: Se non te matriculas nos termos e condicións indicados na resolución para a ensinanza artística superior á que solicitaches acceder, implicará que perderás o dereito á praza adxudicada.